


ASOCIACION DE VECIÑOS E VECIÑAS DE LAMAS (segundo "Pumariño")

A AVV de Lamas comezouse a xestar a comezos de 1979, seguindo o ronsel das Parroquias de Igrexafeita, Naraio e Santa Mariña. O Pumariño da conta dos inicios da Asociación no seu número de maio de 1979:

Lamas

ASOCIACION DE VECIÑOS

Na Parroquia de Lamas estase cocendo unha Asociación de Veciños. Carlos, o concellal do PSOE, seguindo o que prometeran na súa campaña electoral convocou a toda a parroquia pra tratar o asunto. Constituiuse unha xestora que está preparando os estatutos. Despois de Lamas somente quedarás sin ter Asociación de Veciños as parroquias de Ferreira e mais a de Bardaos. Pero, según temos noticia, parece que tanto nunha coma noutra están bastante animados a seguir o exemplo das demais.



En Lamas a cousa empeza conforza. Apuntáronse xa 53 socios. Este é bon sinal. Algún tamén se apuntou pra falar mal desta criaturiña, xa antes de nacer. Non se sabe se será goapa ou fea, nin se terá as pernas tortas ou se asterá ben feitas, pero de seguida aparecen os de sempre que non fan mais que poñer atrancos e desaminar. Pero estamos seguros que a Asociación nacerá e medrará. Cando hai unhos homes decididos, todo é posible. E' certo que tamén se necesita ver o ánimo e o apoio da parroquia. Foron moitos os que se cansaron por non ver apoiados os seus esforzos polos veciños. Pero, por desgracia, este é un mal xeral. Pasa en todas partes.

A AAVV comezou a funcionar de xeito estable en agosto de 1979, con Cesar Gómez Castelo como presidente; sen embargo, parece ser que os primeiros tempos da Asociación tiveron os seus "mais e os seus menos" como nos relata o Pumariño en outubro de 1979.

EN LAMAS NON



COLLEN NA CASA

Berran, riñen, xuran, insúltanse...

O peor de todo é que se van afacer a esto e despois vai dar noxo: ninguén se quere casar cunha nena de Lamas. A boa fama e a mala fama logo se ganan.

O problema (alí calquer cousa é problema) apareceu porque a Directiva da Asociación de Veciños viña reuníndose no local da Sociedade Deportiva e Cultural. Había quen non miraba isto con bos ollos.

Celebraron unha reunión conxunta das dúas directivas e foi entón cando se armou o lio padre. Puxeron ó sol tódolos trapos porcos que hai na parroquia. Cada ún dixo o que lle veu á boca; nada decente queñou no estómago.

De sobra sabemos que o lume non se encende só: nin o borrallo lapea se non se lle sopla. En Lamas hai quen de adica a soplar pra que arda a xente.

Pobres de nós se, despois de ser tan poucos, aínda andamos a bacatazo limpo! Era o que faltaba! Se o pensamos ben, vemos que somos catro gatos (ou gatiños) os que queremos facer algo en cada unha das parroquias. Pois non nos estorbemos nin nos compliquemos a vida; non perdamos o tempo nin as forzas reñindo uns cos outros. Así non se vai a ningún lado.

As Sociedades Deportivas e Culturales e as Asociacións tenen que demostrar a súa cultura e deportividade comportándose doutra maneira.